

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 6 DE MARZO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 6 de marzo de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 2 de marzo (e corrixida a data da sesión na convocatoria do 3 de marzo), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Xosé Manuel Lorenzo Penela
D^a. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 7a, 8a, 9a e 10a)
D. Rubén Peña Barceló (asiste aos puntos 8b e 9b)
D. Fernando Carballo Villar (asiste ao punto 11a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 8c, 8d, 9c e 9d)
D^a. Dolores Vieites Alén (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332)

Retírase este asunto da orde do día.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332)

Retírase este asunto da orde do día.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "ximnasia para persoas maiores" (15.315-333)

Entrégase o informe asinado polo coordinador deportivo do 17 de febreiro de 2017 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:44	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A249-CFD123-3956D5-Y33EC3-8H9U94-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4180-440)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e a técnica media de Obras Públicas o 24 e 27 de febreiro de 2017, respectivamente de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4096-440)

Entrégase na propia sesión o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, a técnica media de Obras Públicas e o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal o 6 de marzo de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332)

Retírase este asunto da orde do día.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (15.315-333)

Acéptase o informe asinado polo coordinador deportivo do 17 de febreiro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4180-440)

Acéptase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e a técnica media de Obras Públicas o 24 e 27 de febreiro de 2017, respectivamente, de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”, pero déixase constancia de que na páxina 16, concretamente na valoración da proposición presentada pola UTE IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. e REYCONS, S.L., no apartado A “Revisión do cumprimento dos requisitos establecidos no apartado 7A das FEC” - “Memoria sobre o plan de calidade”, consta “Cumpre requisitos”, cando debería constar “Non cumpre requisitos”, segundo se desprende do texto da xustificación da valoración e do previsto na táboa co resumo das puntuacións.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4096-440)

Acéptase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, a técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:44	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A249-CFD123-3956D5-Y33EC3-8H9U94-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



media de Obras Públicas e o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal o 6 de marzo de 2017 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332)

Retírase este asunto da orde do día.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7173-612)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que a empresa clasificada en primeiro lugar neste procedemento, GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L. presentou documentación en contestación ao requirimento formulado dentro do prazo concedido. Igualmente, faille constar que coa referida documentación foi presentado un escrito de alegacións, cuxa copia se entrega a todos os membros. Os membros da Mesa acordan, por unanimidade, deixar este asunto pendente de estudo.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de outubro de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:44	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A249-CFD123-3956D5-Y33EC3-8H9U94-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 16 de febreiro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

- Lote A

Licitador	Puntuación total	Preferencia lote
LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L.	95,18	Lote B
SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.	90,978	Lote A
EIBISA NORTE, S.L.	76,811	Lote B

- Lote B

Licitador	Puntuación total	Preferencia lote
LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L.	95,18	Lote B
SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.	90,978	Lote A
EIBISA NORTE, S.L.	76,811	Lote B

Segundo.- En cumprimento do apartado 17E das follas de especificacións técnicas do prego de cláusulas administrativas particulares (“O licitador que obtivera a máxima puntuación será adxudicatario do Lote da súa preferencia, resultando adxudicatario do Lote restante, o licitador que obtivera a segunda mellor puntuación”) e atendendo á preferencia dos lotes indicada polos licitadores nas súas proposicións, procede requirir ao licitador clasificado no primeiro lugar no lote B, LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L., e ao licitador clasificado no segundo lugar no lote A, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U., para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.

Terceiro.- Requirit aos citados licitadores o aboamento de 1.791,01 euros (895,51 cada un) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado no primeiro lugar no lote B, LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L., e ao licitador clasificado no segundo lugar no lote



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:44	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A249-CFD123-3956D5-Y33EC3-8H9U94-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (en cumprimento do apartado 17E das follas de especificacións técnicas do prego de cláusulas administrativas particulares) o día 16 de febreiro de 2017, que presentan a documentación requirida o 1 de marzo de 2017 e o 28 de febreiro de 2017, respectivamente, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de marzo de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados no primeiro e segundo lugar, LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. e SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

En cumprimento do apartado 17E das follas de especificacións técnicas do prego de cláusulas administrativas particulares (*"O licitador que obtivera a máxima puntuación será adxudicatario do Lote da súa preferencia, resultando adxudicatario do Lote restante, o licitador que obtivera a segunda mellor puntuación"*) e atendendo á preferencia dos lotes indicada polos licitadores nas súas proposicións, a primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. (lote B) e por SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (lote A), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 9 de xaneiro e 2 de febreiro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:44	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A249-CFD123-3956D5-Y33EC3-8H9U94-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- I. "Adxudicar a LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. o lote B (zona Oeste, segundo a delimitación establecida no plano do Anexo 1 do PPT) do procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500) coas seguintes condicións:
- Propón unha baixa proporcional única do 14,90% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no apartado 3F das FEC do PCAP.
 - Propón un incremento no número de medicións anuais de locais comerciais respecto do mínimo anual de 400 que figura no apartado 11.3 d cláusula 1 do PPT de 200.
 - Propón a incorporación á base de datos GIS de croquis FXCC, dispoñibles no Concello e anteriores a esta contratación, no primeiro ano do contrato, sen custo para o Concello de 5000 croquis FXCC.
 - Propón un incremento de 50 puntos porcentuais respecto da porcentaxe de expedientes postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior de 6 meses prevista no apartado 7 de cláusula 3 do PPT.
 - Comprométese a facilitar ao Servizo de Xestión Tributaria e, no seu caso, a outros servizos municipais, durante o período contractual e as eventuais prórrogas, as valoracións detalladas de solo e construción para cada ben inmoble segundo as necesidades dos mesmos.
 - Propón a asignación de referencia catastral (20 díxitos) en locais incluídos no padrón da taxa de lixo comercial e vaos, nos dous primeiros anos do contrato, sen custo para o Concello a 500 locais.
 - Propón un incremento na frecuencia na modificación de datos censuais prevista na cláusula 1.13 PPT: 60 días de redución sobre os 180 días sinalados na cláusula citada.
- II. "Adxudicar a SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. o lote A (Zona Este, segundo a delimitación establecida no plano do Anexo 1 do PPT) do procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500) coas seguintes condicións:
- Propón unha baixa proporcional única do 15,00% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no apartado 3F das FEC do PCAP.
 - Propón un incremento no número de medicións anuais de locais comerciais respecto do mínimo anual de 400 que figura no apartado 11.3 d cláusula 1 do PPT de 200.
 - Propón a incorporación á base de datos GIS de croquis FXCC, dispoñibles no Concello e anteriores a esta contratación, no primeiro ano do contrato, sen custo para o Concello de 5000 croquis FXCC.
 - Propón un incremento de 50 puntos porcentuais respecto da porcentaxe de expedientes postos a disposición da Xerencia Territorial do Catastro nun prazo inferior de 6 meses prevista no apartado 7 de cláusula 3 do PPT.
 - Comprométese a facilitar ao Servizo de Xestión Tributaria e, no seu caso, a outros servizos municipais, durante o período contractual e as eventuais prórrogas, as valoracións detalladas de solo e construción para cada ben inmoble segundo as necesidades dos mesmos.
 - Propón a asignación de referencia catastral (20 díxitos) en locais incluídos no padrón da taxa de lixo comercial e vaos, nos dous primeiros anos do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:44	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A249-CFD123-3956D5-Y33EC3-8H9U94-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



contrato, sen custo para o Concello a 500 locais.

- g) *Propón un incremento na frecuencia na modificación de datos censuais prevista na cláusula 1.13 PPT: 60 días de redución sobre os 180 días sinalados na cláusula citada.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:44	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A249-CFD123-3956D5-Y33EC3-8H9U94-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		